

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

RESOLUCIÓN do 11 de marzo de 2021, do tribunal designado para xulgar o proceso selectivo para ingresar por quenda libre en dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 29 de abril de 2019, pola que se fai pública a data, a hora e o lugar de realización do primeiro exercicio

O tribunal nomeado por Resolución da Presidencia do 9 de decembro de 2020 (BOPG número 65, do 21.12.2020) e do 22 de xaneiro de 2021 (BOPG número 82, do 26.01.2021), para cualificar o proceso selectivo por quenda libre de dúas prazas do corpo auxiliar do Parlamento de Galicia (grupo D), convocadas por acordo da Mesa do Parlamento do 29 de abril de 2019, (DOG núm. 94 do 20.05.2019), acordou, de conformidade co disposto na base 6.1.1., que o primeiro exercicio terá lugar o sábado, día 24 de abril de 2021, no Recinto Feiral de Amio, situado na rúa de Amio, s/n, 15890-Santiago de Compostela, en chamamento único, que se iniciará ás 10.00 horas.

As persoas aspirantes deberán ir provistas de DNI ou documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e de bolígrafo negro ou azul.

Non se permitirá o acceso ao recinto onde se realice o exercicio con teléfonos móbiles, axendas electrónicas, reloxos intelixentes ou calquera outro instrumento do cal se poida valer a persoa aspirante para auxiliarse na realización do exercicio. Non se habilitará no recinto ningún servizo de recollida de móbiles.

Nos vindeiros días publicarase unha nota informativa na páxina web do Parlamento que conterá as especificacións necesarias para a realización da proba deste proceso selectivo e as normas covid-19, de obrigado cumprimento, para o seu desenvolvemento.

Santiago de Compostela, 11 de marzo de 2021

Raquel Rodríguez Carro

Presidenta do tribunal

